

Nota de prensa | Santiago, luns 22 de abril de 2013

Aparece un libro inédito do poeta Aurelio Aguirre de 1857

- Trátase dun manuscrito con 50 poemas titulado *Recuerdos de agosto* e localizado nos fondos do Museo/Deputación de Pontevedra.
- Mañá, Día do Libro, cúmprense 180 anos do nacemento do célebre poeta compostelán, famoso polo seu “Brindis” no Banquete de Conxo de 1856.



Un libro manuscrito con 50 poemas de Aurelio Aguirre Galarraga (Santiago, 1833-A Coruña, 1858) foi atopado en marzo por Alvarellos Editora nos fondos do Museo/Deputación de Pontevedra.

O volume leva por título *Recuerdos de agosto* e fai referencia ao verán que Aurelio Aguirre pasou en Vigo onde se trasladara despois da polémica xurdida en Compostela coa súa intervención no Banquete de Conxo o 2 de marzo de 1856.

Parte dos poemas son totalmente inéditos; outros foron publicados na prensa da época en vida do autor ou pouco despois do seu trágico falecemento (ocurrido con só 25 anos nas augas da praia coruñesa de San Amaro); versos que nunca máis se volveran editar, pois non figuran na única obra hoxe accesible do autor, as *Poesías selectas* (Biblioteca Gallega, de 1901, e con edición facsimilar máis recente de 1994 do Consorcio de Santiago).

O “OUTRO” ‘BRINDIS’ DE CONXO

Outras composicións deste manuscrito son coñecidas, como é o caso do “Brindis” do Banquete de Conxo, pero a versión que aquí descubrimos é distinta á que se cría orixinal ata hoxe, o que fai pensar que puido haber modificacións alleas posteriores.

A existencia desta obra só era coñecida por un grupo moi reducido de estudosos do poeta, e nestes días, os especialistas están a estudar o alcance do achádego.

Henrique Alvarellos, director de Alvarellos Editora, sinala que “demos co manuscrito tras as informacións facilitadas polo profesor e investigador Ramón Torrado, a quen, xa en 1995, lle descubrira a súa existencia o historiador e escritor Xosé Figueira Valverde. O manuscrito —afirma Alvarellos— é unha xoia, sen dúbida. E unha noticia


de alcance para a nosa cultura e tamén para o Romanticismo español. Unha e outro teñen moi ignorada a figura fundamental de Aurelio Aguirre”.

ÍNTIMO DE ROSALÍA DE CASTRO E TODA UNHA “ESTRELA” NO SEU TEMPO

Aurelio Aguirre é un exemplo de gran escritor inxustamente esquecido. Malia ser toda unha “estrela” na sociedade do seu tempo, íntimo amigo de Rosalía de Castro, de Manuel Murguía e de Eduardo Pondal, a súa obra —producida nos albores do Rexurdimento, mais situada temática e lingüisticamente preto do Romanticismo español—, permaneceu, ata hoxe, nun gran esquecemento. Mañá, Día Internacional do Libro, cúmprese 180 anos do seu nacemento en Santiago.

A profesora da Universidade da Coruña, Olivia Rodríguez-Tudela, preparará a edición crítica destes *Recuerdos de agosto*, nun volume que tamén contará coa colaboración do filólogo Xurxo Martínez González (quen prepara unha tese sobre o xornal vigués *La Oliva* onde Aguirre foi colaborador habitual).

A obra pasará a integrar a Colección Rescate de Alvarellos Editora. Esta empresa está a realizar as xestións oportunas con institucións públicas na procura de cofinanciamento para a publicación deste valioso inédito.



Páxina do manuscrito onde aparece, á dereita, o inicio do “Brindis” orixinal do Banquete de Conxo.

- Para contactar con Alvarellos Editora: 981 522 137 | 609 90 88 52 correo@alvarellos.info
- Para contactar con Olivia Rodríguez-Tudela: 659 677 494

SAÚDOS, ÁREA DE COMUNICACIÓN DE ALVARELLOS EDITORA